

BLACK DOG

Guan Hu, 2024

1545

ESTREA EN NUMAX: 04.07.2025 | V.O.S.E. | +12 | 110 min

Nos confins do deserto de Gobi, no noroeste de China, Lang regresa á súa cidade natal despois de saír do cárcere. Mentres traballa para a patrulla encargada de limpar a cidade de cans da rúa antes dos Xogos Olímpicos, establece unha conexión inesperada cun can negro. Son dúas almas solitarias que se embarcan xuntas nunha nova viaxe.

«Unha marabillosa historia de redención»

Sara Martínez Ruíz, SPINOF



Entrevista con Guan Hu: «Todos temos unha parte animal que dorme no noso interior»

Os teus filmes son coñecidos por combinar unha aguda precisión realista cunha forma de expresión abstracta. A que categoría pertence *Black Dog*? Diría que, ante todo, é un filme de autor, nacido da miña observación persoal a través da cal examino os cambios que sucederon en China durante os últimos vinte anos, así como as súas repercusións, xa sexan positivas ou negativas, sobre o individuo. Vivindo en China, fun testemuña do desenvolvemento do país nas últimas décadas. Sempre sentín curiosidade por saber como era a vida das persoas que vivían fóra das grandes cidades ou en rexións remotas do meu país. Inevitablemente, houbo persoas abandonadas. O que tamén me interesaba era tratar de comprender que mantiña con vida estas persoas marxinadas e que as axudaba a sobrevivir.

Tivo este proxecto repercusións na súa maneira de dirixir? Este filme céntrase na vida dun grupo de aldeáns que enfrontan enormes cambios sociais. Durante o proceso de realización, sentín que capturar e reproducir a vida destas persoas coa maior autenticidade posible transcendía o proceso creativo. Dirixinme cara a unha posta en escena máis sinxela e cara á simplificación.

A figura animal é recorrente na túa obra: un cabalo en *Os 800* (2020), unha vaca en *Cow* (2009) ou mesmo unha avestruz en *Mr. Six* (2015). Desta volta un can... Se hai animais nos meus filmes é ante todo porque coído que todos temos unha parte animal que dorme no noso interior. Unha animalidade que pode manifestarse cando precisamos mostrar coraxe ou desafiar a autoridade, como unha caste de natureza primitiva que decote eliximos deixar durmida. O cal é lamentable.

O personaxe de Lang foi marxinado pola sociedade, ao igual que o can que encontra. Ambos foron abandonados. Poderíase dicir que son o reflexo un do outro? Son dúas almas solitarias, marxinadas, que elixen apoiarse mutuamente. Existe unha antiga lenda chinesa que conta a historia da divindade Erlang. De feito, chamei o meu heroe Lang en referencia a isto. Erlang a miúdo era representado cun can esvelto e famento ao seu carón, que alivia a súa soidade mentres percorre os ceos.

Hai poucos personaxes femininos no filme, coa excepción de Raisin, que terá grande influencia en Lang. Un personaxe secundario pero clave. As personaxes femininas son moi importantes nas miñas películas porque reflicten a resiliencia e a madurez que busco na miña vida. Neste filme, a maneira en que Raisin ve a vida é extremadamente adulta e reflexiva. Ten en Lang a influencia dunha irmá maior. Ela está moi decidida respecto ao futuro, pero este tipo de vida xa trazada non é o que Lang precisa neste momento da súa existencia.

En “On the Road”, Jack Kerouac escribe que a xente ansía tomar a estrada porque son mozos. Que motiva a Lang a lanzarse á estrada? Jack Kerouac tamén escribiu: "Debemos saír adiante e nunca deixar de avanzar, até que cheguemos alí". A vida rutinaria e monótona abafa a Lang e impúlsao a recuperar a súa propia dignidade como ser humano. Precisa erguerse e emprender unha nova viaxe antes de que a súa existencia o afogue.